Oficina de Relacións Internacionais
Vicerreitoría Internacionalización

# CONVOCATORIAS

## DE MOBILIDADE 2023-24

E-mail de contacto: outgoing.ori@uvigo.gal
www.uvigo.gal/estudar/mobilidade

Universidade de Vigo

# ÍNDICE

1. Vantaxes de participar nun programa de intercambio
2. Programas de mobilidade: Bolsas propias, ISEP, GE4, Vulcanus, SICUE e Erasmus+
3. Responsables de mobilidade: dúbidas académicas, Learning Agreement, etc.
4. Bolsas Erasmus+ Estudos KA131 e complementarias
5. Resumo de axudas económicas segundo o programa
6. Requisitos xerais e  procedemento Erasmus+ Estudos KA131
7. A Oficina de Relacións Internacionais: comunicación coa ORI, atención ao alumnado
8. Ferramentas: Certificado dixital
9. A convocatoria 23-24: Portal de Bolsas, Secretaría Virtual, Portal do Alumnado Saínte

# VANTAXES DE PARTICIPAR NUN PROGRAMA DE INTERCAMBIO

- Recoñecemento académico do período de estudos realizado.
- O estudantado seleccionado cursará estudos nunha universidade estranxeira sen:
  - ✓ Abonar taxas de matrícula na universidade de acollida.
  - ✓ Ter que solicitar a validación dos estudos cursados anteriormente.
- Compatibilidade de bolsas e préstamos nacionais ou das CCAA.
- Novos ou mellora de coñecementos lingüísticos.
- Empregabilidade futura.

**EXPERIENCIA PERSONAL.**

# OFERTA DE MOBILIDADES

- Programa de Bolsas Propias
- Programa ISEP (EE.UU)
- Programa GE4 e Vulcanus (enxeñarías e ciencias)
- SICUE (programa nacional)
- Programa Erasmus+ KA131 (*Europa*) e KA171 (Internacional)



# PROGRAMAS DE MOBILIDADE

- **Bolsas propias:** Son convenios de colaboración con institucións de ensino superior.
  - *Bolsa de axuda complementaria pola UVigo*
  - *Compatibilidade coas bolsas da Xunta de Galicia / Deputación de Pontevedra*

- **Programa** ISEP
  - *10 prazas de mobilidade con EE.UU.*
  - *Aportación á UVigo 4.500 € e. anual / 2.250 € e. cuad.* → ***<u>aloxamento, manutención e matrícula gratis</u>***.
  - *Compatibilidade coa bolsa da Deputación de Pontevedra (se é bolseiro/a MEFP)*

- **Programa** Ge4 GLOBAL EDUCATION: EXCHANGES FOR ENGINEERS AND ENTREPRENEURS
  - *Área de enxeñarías e ciencias. Destinos en Asia.*
  - *Bolsa de axuda complementaria pola UVigo*
  - *GE4 – convocatória UVigo*

- **<u>Programa Vulcanus</u>**
  - *Área de enxeñarías e ciencias. Xapón*
  - *Bolsa de axuda complementaria pola UVigo*
  - *Data límite 20 de xaneiro de 2023*

*https://www.eu-japan.eu/events/vulcanus-japan*

# MOBILIDADE NACIONAL: SICUE

**Programa de mobilidade nacional** que permite que o estudantado universitario realice parte dos estudos nunha universidade española distinta á súa, con garantías de recoñecemento académico, aproveitamento e adecuación o seu perfil curricular.

- Requisitos: estar matriculado de mín. **30 créditos no 2022-23** e ter **superado 45 créditos**.
- **Lembra revisar os requisitos da normativa interna de cada facultade**.
- A publicación da convocatoria 2023-24: **febreiro 2023.**
- Poderá haber dotación económica.

https://www.crue.org/sicue/
Contacto na UVigo: sicue@uvigo.gal

# ERASMUS+ KA131 / KA171

Erasmus+

Erasmus é programa fundado en 1987 pola **Comisión Europea**, co obxectivo de financiar programas de intercambio internacional. Os/as participantes poden solicitar un intercambio de estudos (SMS) ou prácticas (SMP).

- Duración **máxima de 12 meses** por ciclo de estudos *(grao, mestrado e doutoramento)*
- Contan as **mobilidades en FP Superior**
- A mobilidade **Erasmus+ Prácticas KA131** (SMP) pódese realizar no último ano ou o inmediatamente seguinte á graduación

# ERASMUS+ KA131 vs KA171

## KA131: ERASMUS

- Países Comunitarios
- Bolsa Erasmus+ KA131
- Posibilidade de bolsas complementarias
- Destinos a universidades con convenio

## KA171: ERASMUS INTERNATIONAL

- Países Extracomunitarios
- Bolsa Erasmus+ KA171 inclúe:
  - ✓ **billete de ida e volta**
  - ✓ **axuda individual mensual**
- Destinos concretos: *Albania, Bosnia Herzegovina, Kosovo, Montenegro, Arxentina, Brasil, Chile, Ecuador, Venezuela e moitos máis…*

**Convocatoria 1er trimestre 2023**

# RESPONSABLES DE MOBILIDADE

Cada centro ten as súas propias persoas **responsables de relacións internacionais** (RR.II.).

Ponte en contacto sempre coas **dúbidas académicas** e para asinar o **contrato de estudos / learning agreement (LA).**




https://www.uvigo.gal/estudar/mobilidade/responsables-mobilidade

# BOLSAS ERASMUS+ ESTUDOS KA131

| GRUPOS | PAÍSES | CONTÍA | ALUMNADO CON MENOS OPORTUNIDADES * |
|---|---|---|---|
| Grupo 1 | Dinamarca, Finlandia, Illas Feroe, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Reino Unido, Suecia e Suíza. | 310€ /mes | 560€ /mes |
| Grupo 2 | Alemaña, Austria, Bélxica, Chipre, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos, Portugal. Estado Cidade do Vaticano, Mónaco e San Marino. | 260€ /mes | 510€ /mes |
| Grupo 3 | Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Macedonia do Norte, Polonia, República Checa, Romanía, Serbia e Turquía. | 210€ /mes | 460€ /mes |

* Bolseiros MEFP durante o curso 22-23 ou ter recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33 % ou ter a condición de refuxiado

# BOLSAS COMPLEMENTARIAS
## CONVOCATORIA ERASMUS+ ESTUDOS KA131

XUNTA DE GALICIA

- A través da **sede electrónica da Xunta**
- Convócanse **en xaneiro 2024**.

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

DEPUTACIÓN OURENSE

- **Non é preciso solicitalas**. Por media de expediente.
- As axudas da Dep. Pontevedra no campus de Vigo e Pontevedra coa condición de bolseiro MEFP (2022-23).

Santander | Becas

- Seleccionase o alumnado **que se inscriba na súa web**.
- Contía: Dúas bolsas de **1.000€** e 22 bolsas de **500€.**
- Pagamento: 100 % da bolsa trala recepción do certificado de chegada.

# RESUMO AXUDAS ECONÓMICAS

| MARCO | DESCRIPCIÓN | DIRIXIDO A | FINANCIAMENTO |
|---|---|---|---|
| **ERASMUS+** | KA131 (EUROPA) | ALUMNADO / PDI / PAS | ERASMUS+ / XUNTA / DEPUTACIÓNS BANCO SANTANDER / MEFP |
| | KA171 (INTERNACIONAL) | ALUMNADO / PDI / PAS | ERASMUS+ / MEFP |
| | PRÁCTICAS | ALUMNADO | ERASMUS+ / MEFP |
| **CONVENIOS BILATERAIS** | BOLSAS PROPIAS UVIGO | ALUMNADO | UVIGO / XUNTA DEP. DE PONTEVEDRA / MEFP |
| **ISEP** | ESTADOS UNIDOS | ALUMNADO | XUNTA DEP. DE PONTEVEDRA / MEFP |
| **GE4** | ENXEÑARÍAS | ALUMNADO DE ENXEÑARÍA | UVIGO*/ DEP. PONTEVEDRA / MEFP |
| **SICUE** | MOBILIDADE NACIONAL | ALUMNADO | UVIGO* / MEFP |

UniversidadeVigo

# REQUISITOS XERAIS

- **Estar matriculado** na UVigo no curso inmediatamente anterior á estadía (e no mesmo).
- Non estar matriculado en 1º curso durante a estadía.
- **Cumprir cos requisitos da normativa interna de cada facultade**.
- Requisitos lingüísticos (mínimo B1/B2 dependendo da universidade de destino)
  - *Posibilidade de cursos en liña / presenciais do Centro de Linguas (UVigo).*
  - *Unha vez seleccionado/a, proba en liña (OLS) antes da estadía, independentemente das posibles probas realizadas polas universidades para a selección do estudantado.*
  - *Posibilidade de cursos ("de supervivencia") nas universidades de destino unha vez chegues.*

# PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN
## CONVOCATORIA ERASMUS+ ESTUDOS KA131

1. Unha vez remate o prazo de solicitudes *(9 decembro)* → **listaxe provisoria de solicitudes.**
2. Abrirase o *período de subsanación* *(10 días). Verifica que a información é a correcta e non hai ningún erro se non contacta coa ORI.* → **listaxe definitiva de solicitudes.**
3. Os/as **RR.II.** reciben a listaxe e **seleccionan os/as candidatos/as**→ listaxe provisoria→ **Listaxe final**.
4. Coa listaxe final de cada centro **a ORI publica a listaxe definitiva.**
5. Haberá un período de **aceptación ou renuncia das prazas** tal e como se indica na convocatoria.
6. A **ORI fará as nominacións** ás universidades. **O destino é quen acepta ou non o/a alumno/a.**
7. O/a **alumno/a é o/a responsable** de enviar a documentación precisa ás universidades de destino cumprindo os seus prazos.

# A OFICINA DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS







Universidade Vigo

# A COMUNICACIÓN COA ORI

1. É **obrigatorio** o emprego do enderezo da UVigo @alumnos.uvigo.gal
   - Maior visibilidade da UVigo no exterior
   - Problemas SPAM con outros enderezos
   - correoweb.uvigo.gal (para recuperar contraseña co NIU)

2. Como alumnado saínte contactar **sempre** → outgoing.ori@uvigo.gal
   - Identificádevos: *nome, apelidos, facultade e/ou universidade de destino*
   - Redirixir a Gmail / Hotmail

Oficina de Relacións Internacionais
Vicerreitoría de Internacionalización

# ATENCIÓN AO ALUMNADO

**Campus Universitario – Edificio Miralles**

**Atención presencial: de luns a venres de 09:00h a 14:00h**

**Atención virtual: mércores de 12:00h a 14:00h**

Campus remoto: Servizos e unidades (19. Oficina de Relacións Internacionais (ORI))

https://campusremotouvigo.gal/access/public/meeting/527156217

Acceso estudantado: 5b7zWuB9

UniversidadeVigo

# FERRAMENTAS:
# O CERTIFICADO DIXITAL

- É un documento dixital que contén **<u>os teus datos de identificación</u>**.
- Permitirache identificarte en Internet e intercambiar información con outras persoas ou organizacións coa garantía de que só ti e o teu interlocutor podes acceder a ela.
- Podes consultar o **<u>manual</u>** no portal de bolsas
- Tras obter o código, podes tramitar o certificado nos rexistros da UVigo para asinar documentación dixitalmente.



# A CONVOCATORIA 23-24: SECRETARÍA VIRTUAL

- Acceso á convocatoria e toda a documentación relacionada.



# A CONVOCATORIA 23-24:
# PORTAL DE BOLSAS

- Atoparás as bases da convocatoria e toda a documentación relacionada






# A SOLICITUDE EN LIÑA: PORTAL DO ALUMNADO SAÍNTE






# PORTAL DO ALUMNADO




1. Ler atentamente a convocatoria (e todos os documentos).
2. Acceder ó Portal do Alumnado para tramitar a solicitude en liña. *Ler atentamente todo o contido e os apartados*:
   - Formulario / **Iniciar: Para iniciar a solicitude**
   - As túas solicitudes: visor das solicitudes
   - Contrato de estudos / Learning agreements
   - Estado da solicitude: unha vez aceptado

# FORMULARIO ERASMUS+ ESTUDOS KA131


Universidade Vigo

Español Galician

Benvido [redacted]@uvigo.es Fin de sesión

Solicitude de estudante sainte

0 / 9

Información
Información persoal
Contacto de emerxencia
Datos académicos
Destinos solicitados
Idioma
Bolsa
Documentos necesarios
Protección de datos
Declaracións
Enviar solicitude

Información

Benvido/a á solicitude de mobilidade Erasmus+KA131 para estudantes saíntes

Información práctica

Para completar a solicitude de mobilidade no estranxeiro, por favor, preste atención aos seguintes puntos:

- As diferentes seccións da solicitude atópanse no menú da esquerda.
- Todas as seccións deben ser completadas.
- Os campos marcados con asteriscos vermellos son obrigatorios e deben ser completados.
- Ao pasar o cursor sobre o "i" amarelo, poderá encontrar información adicional sobre o campo para completar.
- Existe a opción de completar e gardar a solicitude en varias sesións.
- Cando unha sección está completa, débese marcar a casiña "Marcar páxina como completada". A sección completada aparecerá cunha marca verde no menú da esquerda.
- A solicitude poderá ser enviada unha vez que todas as seccións do menú estéan marcadas en verde.
- Despois de enviar a solicitude, non se poderán facer cambios!

Requisitos técnicos

- A solicitude en liña foi optimizada para traballar con Mozilla Firefox ou Google Chrome. Non podemos garantir que funcione correctamente con outros navegadores.
- É necesario ter Adobe Acrobat Reader para poder imprimir o formulario de solicitude. Adobe Acrobat Reader debe estar instalado antes de comezar o proceso de solicitude, pódese descargar aquí.
- Para o proceso de solicitude débense habilitar as cookies e JavaScript.

Contacto na universidade

Se precisa axuda ou ten algunha pregunta, por favor póñase en contacto con nós: outgoing.ori@uvigo.es

Seguinte ›

1. Le atentamente a páxina de información.
2. Cumprimenta os apartados coa información solicitada.
3. **Só se poderá presentar 1 solicitude por estudante**
4. É posible gardar a información a medida que avanzas para volver máis tarde.
5. Revisa os datos e asegúrate de que a elección e a orde de prelación dos destinos é a correcta antes de premer o botón “enviar”.

# FORMULARIO ERASMUS+ ESTUDOS KA131






# CONTRATO DE ESTUDOS

1. O/a **RR.II.** é a persona encargada de validar o Learning Agreement (LA) e facer as convalidacións.
2. Primeiro, terás que iniciar o teu **contrato de estudos / LA** na secretaría virtual e unha vez aprobado polo RR.II. → introducir os **mesmos** datos na **solicitude en liña.**

| Periodo de inicio | Oportunidad de movilidad | Acciones | Observaciones |
|---|---|---|---|
| | Copia para pruebas- Selçuk Üniversitesi KA103 SMS TEST | Seleccionar un tipo de movilidad ⌄ Iniciar el acuerdo de aprendizaje | |

# CONTRATO DE ESTUDOS




1. Inclúe as materias da universidade receptora (destino) e a remitente (orixe).
2. Cando estea listo, preme o **botón Aprobar**.




3. A plataforma avisará o/a RR.II. **para que revise o LA e o aprobe** pola sua banda *(debe coincidir co da secretaría).*
4. O LA aprobado será compartido coa universidade de destino. Se todo está ben, **asinarán e quedará listo.** Se non, chegarache unha mensaxe para que fagas os cambios precisos.

Oficina de Relacións Internacionais
Vicerreitoría de Internacionalización

# GRAZAS

Directora técnica da ORI
Amelia Rodríguez Piña